

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Xosé Neira Vilas, a Luís Seoane, a Maruxa Seoane do 29/03/1974**

**Colección:**

**Data:** 29/03/1974

**De:**

Xosé Neira Vilas;

**Para:**

Maruxa Seoane; Luís Seoane;

**Orixe:**

A Habana (local), A Habana (provincial), Cuba (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita]

**Temáticas:**

*Historias de emigrantes* [libro]; Artes; Colección Arco Iris; Concurso de Literatura Infantil y Juvenil La Edad de Oro. Cuba; Emigración; Espazos artísticos; Galería Bonino; Literatura; Migracións; Premio Nacional de Literatura para niños de Cuba;

**Mencionados:**

Xerardo Álvarez Gallego; Fernando Arranz; Anisia Miranda; Arturo Souto; Ramón Temes Sánchez;

---

## **Transcrición da epistola de Xosé Neira Vilas, a Luís Seoane, a Maruxa Seoane do 29/03/1974**

Habana, 29-3-74

Queridos Maruxa e Luis:

Por Ramón Temes sabemos que estades en Bos Aires, e que estades ben, logo do malfadado accidente. Aledámonos certamente. Moncho tróuxonos fermosos catálogos e deliciosos Rifurtivos e unha estupenda monografía editada por Bonino, adicada. Gracias por todo.

Eu estou convalecendo dunha operación de catarata prematura. Vou ben, pero estarei algunhas semanas máis alonxado da aitividade normal na casa. Anisia gañou o Premio Nacional de Literatura pra nenos. O premio consiste na edición do libro e un viaxe a un país socialista. Eu teño pra saír (maio) en Galicia unha novela

pra nenos e un libro de prosas curtas sobre o meu retorno no ano 72. Traducín ó castelán Historia de emigrantes e foi finalista no concurso da Casa de la Américas. Un conto (El ahorro) integraron unha antoloxía de varios autores e países. Tamén outiven accésit no concurso La edad de oro cun libro de poemas pra nenos, en castelán (Arco Iris). En fin, algo imos facendo.

A Sección Galega, moi ben. Atopeime cun interesante escultor nado en Teo: Mael Pascual. Estudaremos a presenza de Souto en Cuba. Sobre outras aitividades, van recortes de prensa.

Temes estivo na nosa casa. Falamos de vostedes amplamente.

Localicei, na casa onde viven A. Gallego, o seu estupendo Diálogo sobre lousas de Arranz. Verei de darlle un destino mellor.

¿Que foi de Cuco Rei? Víraa anunciada, pero non soupen máis. ¿Vai adiante?

E namais, queridos, entrañables amigos. Pra outra escribiremos máis longo.

Apertas fortes de vosos sempre

Pepe Neira e Anisia

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.